

Documento distribuído por  
*Álbum de mulleres*

# Un trazo de Toulouse Lautrec

Texto do dramaturgo, director e poeta, Xavier Picallo,  
sobre a obra de María Mazás  
(outubro 2018)



**Comisión de Igualdade**

Pazo de Raxoi, 2º andar, 15705 Santiago de Compostela (Galicia)  
Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 / [xenero@consellodacultura.org](mailto:xenero@consellodacultura.org)

## Un trazo de Toulouse Lautrec

Xavier Picallo

Na estupenda retrospectiva comisariada por María Armesto e Diego Seixo na sala de exposicións do Auditorio Municipal Cangas, tiven a oportunidade de ver a peculiar obra de María Mazás. O primeiro sensibilizado foi súa verdade contra moitos ventos e moitas mareas. A súa pintura, con ecos impresionistas de Berthe Morisot e Mary Cassatt, as Tullerías, pero tamén os fulares das Pitiusas e o atlántico. O mar atlántico do que rescata as súas ofrendas e exvotos para crear o seu personalísimo altar: as crebas. Instalación a ras de chan dunha forza escultórica telúrica, cincelada e ofertada por ese mar forte que nas mans de Mazás parecera querer mediterraneizarse. Porque a Mazás é perfume de ozono atlántico con brisa mediterránea. Conxunción e combinatoria de mares que atopan unha equidistancia entre mareas vivas e mareas mortas, e todo froito dun corpo tan diminuto como expandido no universo da súa creadora, quizais un trazo de Toulouse Lautrec.

Capítulo aparte, paréceme, son as súas esculturas domésticas de identidade capilar, os seus tocados e os seus sombreiros. A definición exacta do que un quere ser ou deixar de ser, prodúcese ca elección dun destes complementos, que pola raíz teatral e modal da súa entidade dan cobertura en si mesmos a un personaxe, un tempo, unha época que Mazás logra reivindicar.

Xavier Picallo